

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 25 DE XUÑO DE 2018.

Alcalde-Presidente:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

Concelleiros:

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D^a. TERESA VARELA FISTEUS.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D. JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ TABOADA.

D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA.

D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA.

Secretario Xeral:

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

Interventor:

D. FIDEL GARCÍA MARTUL.

1.- APROBACIÓN DA ACTA NÚM 26/2018 DE DATA 18 DE XUÑO DE 2018.

Acordouse aprobar a acta da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local núm. 26/2018 do día 18 de xuño de 2018.

2.- EXPEDIENTE 1511/2017. LICENZA DE OBRA.

Acordouse aprobar os informes xurídicos nos expedientes 1511/2017 e 2382/2017 e DENEGAR A LICENZA DE OBRAS para instalación de explotación avícola ecolóxica en Outeiro – Filgueira – Lalín (exp. 1511/2017).

3.- EXPEDIENTE 991/2017. LICENZA DE OBRA.

Acordouse conceder LICENZA DE OBRA para a restauración da cuberta dunha vivenda unifamiliar no lugar Vilatuxe núm.25, parroquia de Vilatuxe – Lalín.

4.- EXPEDIENTE 2383/2017. LICENZA DE OBRA.

Acordouse aprobar os informes xurídicos nos expedientes 1511/2017 e 2382/2017 e CONCEDER LICENZA DE OBRA para instalación de explotación avícola para galiñas campeiras no paraxe O Toxo – Goiás – Lalín

5.- EXPEDIENTE 2748/2018. REPOSICIÓN Á LEGALIDADE DE ACTUACIÓNS EN CURSO DE EXECUCIÓN SEN TÍTULO HABILITANTE OU ORDE DE EXECUCIÓN OU SEN ADAPTARSE ÁS SÚAS CONDICIÓN.

Acordouse requirir a B.G.B., para que, no prazo de tres meses, presente a solicitude da oportuna licenza de legalización, co seu correspondente proxecto asinado por arquitecto, manténdose a suspensión das obras e usos en tanto esa licenza non sexa outorgada. Para o caso de que se denegue a licenza, acordarase a demolición das obras á súa custa e procederase a impedir definitivamente os usos aos que desen lugar.

6.- EXPEDIENTE 2429/2017. REPOSICIÓN Á LEGALIDADE DE ACTUACIÓNS EN CURSO DE EXECUCIÓN SEN TÍTULO HABILITANTE OU ORDE DE EXECUCIÓN OU SEN ADAPTARSE ÁS SÚAS CONDICIÓN.

Acordouse desestimar o recurso de reposición interposto contra o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, en sesión de 21/05/18, polo que se lle ordenou a demolición, á súa costa, dos novos muros que non respecten os recuados obrigatorios respecto dos viarios públicos e se lle requiriu para que, no prazo de tres meses, presente a memoria valorada descrita no penúltimo parágrafo do informe técnico transcrito nese acordo; con advertencia, en caso de incumprimento, do disposto no citado artigo 152.6 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

7.- EXPEDIENTE 2465/2017. REPOSICIÓN DA LEGALIDADE.

Acordouse aprobar o INFORME XURÍDICO RELATIVO Á RESOLUCIÓN DE PROCEDEMENTO DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE (exp. 2465/2017).

8.- EXPEDIENTE 1954/2018. CP4 OBRAS SUXEITAS A COMUNICACIÓN PREVIA.

Acordouse A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS para o remate interior de vivendas dunha edificación existente sita na rúa Areal núm.26 – Lalín.

9.- EXPEDIENTE 3392/2018. CPF FESTAS SUXEITAS A COMUNICACIÓN PREVIA.

Acordouse a EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA PARA ORGANIZACIÓN DE ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E ACTIVIDADES RECREATIVAS consistente na celebración da XIXª edición da Malla Tradicional e na IVª Ruada da Malla, o día 18/08/18, no entorno do Museo Casa do Patrón en Codeseda – Doade – Lalín.

10.- EXPEDIENTE 3383/2018. CPF FESTAS SUXEITAS A COMUNICACIÓN PREVIA.

Acordouse A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA PARA ORGANIZACIÓN DE ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E ACTIVIDADES RECREATIVAS consistente na festa do río Asneiro, o día 15/07/18, a celebrar na contorna de entre os ríos – lugar dos Muíños – Vilanova – Lalín.

11.- EXPEDIENTE 3456/2018. LICF FESTAS SUXEITAS A LICENZA.

Acordouse **OUTORGAR LICENZA PARA ORGANIZACIÓN DE ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E ACTIVIDADES RECREATIVAS** consistente na celebración de sesión vermú e verbena, os días 29 e 30 de xuño de 2018, no campo da festa de Castro de Cabras – Lalín.

12.- EXPEDIENTE 3977/2017. CONTRATO DE OBRAS POR PROCEDIMIENTO ABERTO, OFERTA ECONOMICAMENTE MÁIS VANTAXOSA, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.

Quedou pendente para un mellor estudo.

13.- EXPEDIENTE 3413/2018. SOLICITUDE CAMBIO TITULAR VADO Nº 332 SITO EN RÚA DA PONTE , 74 – BAIXO.

Acordouse proceder ao cambio de titularidade do vado permanente nº 332.

14.- EXPEDIENTE 3106/2018.SOLICITUDE REXISTRO DA PROPIEDAD SOBRE POSIBLE INVASIÓN DE CAMIÑO PUBLICO POR INSCRIPCIÓN DE FINCAS EN ABANXO-VAL DO CARRIO.

Acordouse aprobar o informe técnico municipal de data 21 de xuño de 2018 en relación con inmatriculación de fincas colindantes vía pública en Abonxo, parroquia de Vai do Carrio.

15.- EXPEDIENTE 3368/2018. SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

Acordouse a ALTA URXENTE no Servizo de axuda no fogar modalidades libre concorrencia para unha persoa beneficiaria.

16.- EXPEDIENTE 3464/2018. SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

Acordouse a ALTA URXENTE no Servizo de axuda no fogar modalidades libre concorrencia para unha persoa beneficiaria, motivada polo agravamento de saúde.

17.- EXPEDIENTE 3866/2017. PROPOSTA DE GASTO.

Acordouse aprobar a certificación Nº 7-Final da obra

“REPOSICIÓN DE BEIRARRÚAS EN VARIAS ZONAS DO CASCO URBANO, RÚA AREAL, TRASEIRA RÚA AREAL E RÚA DA PONTE, LALÍN” financiada con cargo ao Plan Provincial de Obras e Servizos-Plan Concellos 2017-Liña 1, por importe de 5.094,62 €.

18.- EXPEDIENTE 3444/2018. RELACION DE FACTURAS.

Acordouse aprobar a relación de facturas nº 00035 por importe de 75.133,84 €.

19.- EXPEDIENTE 1580/2018. DACIÓN DE CONTA SUBVENCIÓN PLAN CONCELLOS 2018.

Dáse conta da Resolución da Deputación Provincial de Pontevedra de data 12 de xuño de 2018, da concesión de subvencións ao abeiro do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019 correspondente á Liña 1: pola que se concede a seguinte subvención ao Concello de Lalín:

Actuación subvencionada	Importe concedido
<i>Adquisición de equipamento para o Salón Teatro e o Auditorio Municipal de Lalín.</i>	<i>25.607,41</i>

20.- EXPEDIENTE 3420/2018. SOLICITUDE PARA UTILIZAR A SALA DE AUDIOVISUAIS DA BIBLIOTECA MUNICIPAL.

Acordouse conceder autorización municipal para o uso da Sala de Audiovisuais da Biblioteca Municipal os días 10, 11, 12 e 13 de xullo de 2018, en horario de 9:00 horas ás 14:00 horas, con motivo da realización dun curso de “mobilizacións e cambios posturais de persoas dependentes” cas/os usuarias/os da Cruz Vermella.

21.- EXPEDIENTE 3378/2018. SOLICITUDE PARA A CELEBRACIÓN DA ROMARÍA DO SOCIO DA BANDA DE LALÍN.

Acordouse conceder autorización municipal para a celebración da Romaría do Socio de Banda de Lalín para o día 1 de xullo de 2018, no parque da parte de atrás do Auditorio Municipal de 9:00 horas as 22:00 horas e para montar unha carpa na que se servirá o xantar.

22.- EXPEDIENTE 3421/2018. SOLICITUDE DAS DÚAS SALAS DA PLANTA BAIXA DA BIBLIOTECA PARA UN TALLER FORMATIVO DO PROXECTO AQUELAR OS DÍAS: 16, 18, 20, 23, 24 DE XULLO.

Quedou pendente para un mellor estudo.

23.- EXPEDIENTE 2902/2018. SOLICITUDE PARA A CELEBRACIÓN DUNHA RUTA CIRCULAR POR SENDEIROS DO CONCELLO DE LALÍN.

Acordouse conceder autorización municipal para o uso das duchas en horario de 14:00 horas a 15:30 horas do Pavillón Municipal o día 1 de xullo de 2018.

24.- EXPEDIENTE 2531/2018. EXTINCIÓN DA RELACIÓN DO SERVIZO.

Acordouse aceptar a permuta solicitada funcionario de Carreira do Concello de Lalín e funcionario de Carreira do Concello de Ferrol, ambos policía locais.

25.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 1564/2018. CONTRATACIÓN DUNHA ASISTENCIA TECNICA PARA A POSTA EN MARCHA DA LA12 LALINSSUMA21.

Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 5.505,50€(IVE incluído), con destino á “*Contratación dunha Asistencia Técnica externa especializada para o deseño e desenvolvemento do proxecto, medidas de apoio para a comercialización e Innovación do comercio local e das novas iniciativas de produción agroindustrial*” imputable á aplicación orzamentaria 2018/0/4311/2260905/01 do presuposto municipal vixente.

26.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO:

EXPEDIENTE 3485/2018. ASUNTO SOLICITUDE DE DOCUMENTACIÓN PARA ACHEGAR PROCESO CREACIÓN DA ESCOLA DE MÚSICA DE VILATUXE.

Acordouse autorizar a Asociación Cultural Nova Banda de Música de Vilatuxe para que dispoña das instalacións do AUDITORIO XOSÉ FERNÁNDEZ “O XASTRE” DE VILATUXE POR PARTE DA Agrupación para as diversas actividades que esta organiza e entre as cales estaría a ESCOLA DE MÚSICA DE VILATUXE.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, cando son as 20:15 horas do día do seu comezo, da que eu, como Secretario Xeral, dou fe.